

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 16

SESION EXTRAORDINARIA DO 22 DE NOVEMBRO DE 2017

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga

Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Aneiros Pereira, Jaime, concelleiro do grupo municipal Socialista.
Silva Rego, M^a Carmen, concelleira do grupo municipal Socialista.
Piñeiro López, Ángel, concelleiro do grupo municipal Socialista.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás once horas e corenta minutos do día vinte e dous de novembro do ano dous mil dezasete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro,

López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Señores concelleiros vaian tomando asento, imos iniciar o Pleno do Concello en sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe as 11,30 do mediodía, cun punto único de orde do día, comparecencia do goberno para trata dos incendios acaecidos os días 15 e 16 de outubro e actuacións das diferentes administracións en Vigo.

É unha proposta de comparecencia solicitada polo goberno, no Regulamento do Parlamento de España non hai ningunha disposición con respecto ás votacións ao rematar as comparecencias, e polo tanto, faremos a comparecencia da forma análoga que se fan no Parlamento de España, en informe do secretario do Concello.

O mecanismo de plasmación e de procedementos será tamén o que se utiliza nese Parlamento dada a ausencia da regulación no noso propio Regulamento, por tanto iniciará a comparecencia o goberno, expoñerá durante o tempo que considere todo acaecido e tódolos datos significativos con respecto a iso, haberá despois intervencións dos grupos durante 10 minutos e rematará o goberno.

Ábrese sesión pública, constátase quórum e iniciamos o procedemento, no nome do goberno ten a palabra o Sr. López Font, concelleiro de seguridade.

UNICO(181).- COMPARECENCIA DO GOBERNO PARA TRATAR DOS INCENDIOS ACAECIDOS OS DÍAS 15 E 16 DE OUTUBRO E ACTUACIÓNS DAS DIFERENTES ADMINISTRACIÓNS EN VIGO.

SR. LÓPEZ FONT: Como ben se dicía por parte do Alcalde comparecemos a petición do Alcalde, a petición do goberno para contar, relatar todo o ocorrido os días 15 e 16 de outubro, é evidente que é necesario contar todo o que pasou, contar como se actúo e que medidas se foron tomando e polo tanto non é que o lamente pero certamente lles anticipo que o relato é exhaustivo como non puidera ser doutra maneira e como certamente creo que debe de ser de interese.

Os días 15 e 16 de outubro de 2017 a cidade de Vigo sufriu numerosos incendios de natureza basicamente forestal, con orixe respectivamente nos municipios limítrofes de Gondomar e de Nigrán, e esta parte tamén hai que tela moi en conta, ditos incendios chegaron a alcanzar no seu momento de máxima intensidade a núcleos urbanos, os servizos de extinción e emerxencia de Vigo xa colaboraron tempranamente o día 15 de outubro nos sinistros de Redondela, ubicados en Reboreda e Ventosela, así como en Gondomar, intentando frear o avance do lume e tamén no Concello de Mos.

O xefe de servizo de Bombeiros contacta co concelleiro de Seguridade ás 13,39, do día 15 de outubro, e preavisa da situación de emerxencia que se vive nos municipios limítrofes de Nigrán e de Gondomar. A xefatura dos Servizos de Emerxencias, advirte do risco inminente para o municipio de Vigo, o concelleiro de Seguridade traslada a información ao Alcalde de Vigo quen decreta de modo inmediato a activación do nivel cero de emerxencia establecida no PEM. O incendio con orixe na parroquia de Morgadáns, avanzou cara ao norte por Vincios en dirección a Vigo a onde chega por Zamáns, propagándose pola acción do vento de sudoeste á parroquia de Valladares-Sobreira, o incendio con orixe na parroquia de Parada-Nigrán avanza con estremada rapidez e intensidade, impulsado polo vento do suroeste cara ao norte pola parroquia de Camos para estenderse despois ás parroquias de Chandebrito, Monte Alba, Valladares, Coruxo, con particular incidencia en Fragoselo e Roteas, Matamá, San Andrés de Comesaña, con focos posteriores en Navia, Avenida de Europa e Avenida de Madrid. No traballo técnico feito polo servizo de seguridade e polos servizos de emerxencia, elaborouse esta imaxe que se ve perfectamente como dicía anteriormente onde arrancan os incendios e a forma na que chegan a Vigo ata concluír en Avenida de Europa.

Segundo a Axencia Estatal de Meteoroloxía, Vigo alcanzou o 15 de outubro 32

grados de temperatura, vento de dirección sur que alcanzou refachos de ata 43 quilómetros/hora, rolando suroeste e humidade relativa do 30%, para unha mellor comprensión do avance dos incendios lles mostraba anteriormente esta transparencia na que se ve perfectamente onde se orixinan e onde avanzan ata chegar á nosa cidade, quero reiterar, como indicaba anteriormente, que ás 13,50 horas do 15 de outubro o director do Plan de Emerxencias de Vigo, o Alcalde de Vigo, o Sr. Caballero, decreta o nivel de emerxencia cero previsto en dito Plan, a partir dese momento entra en funcionamento este organigrama que é o organigrama do Plan de Emerxencias Municipal. A continuación detallarei tódalas actuacións de cada un dos que figura aquí como órganos de colaboración, pero dende as 13,50 horas ata a finalización o luns, este organigrama estivo vixente, aplicouse dende a parte máxima ata a inferior e como detallarei a continuación coas actuacións levadas a cabo por cada un, sinalar porque isto é importante e algúns estou convencido de que falan dende o descoñecemento, que no Plan de Emerxencias de Vigo o nivel cero corresponde cunha situación moi concreta, e hai que falar con rigor dado que se menciona tanto o PEMU, corresponde cunha situación de risco previsto no propio Plan que era así, que afecta exclusivamente ao propio concello no senso de que non se propaga cara fora do mesmo, é xusto ao contrario, vennos de fora cara dentro, e que pode ser atendido por medios propios, que isto tamén é importante porque como anticipaba o Alcalde o outro día e mencionaba e eu a continuación fareino con detalle, é evidente que isto resolveuse con medios estritamente propios e esta entrada en vigor do Plan de Emerxencias é moi importante pola situación que detectamos por esa declaración e logo verán vostedes que dende este momento ata moi tarde do día estamos sen noticias do 112.

Vou a describir en función, como lles dicía, deste organigrama previsto no Plan de Emerxencias Municipal o que fixo cada un, como se fixo e cales foron os pasos que se foron dando, dirección do PEMU que é e corresponde ao Alcalde de Vigo; o Alcalde de Vigo e director do PEMU en canto recibiu a comunicación do concelleiro de Seguridade sobre a situación e avance dos incendios de Nigrán e Gondomar que ameazaba seriamente ao municipio de Vigo, declara a situación de emerxencia nivel 0, ás 13,50 horas, activa a estrutura organizativa prevista neste organigrama, creando un centro de coordinación operativa municipal, sigras

CCOPAL, composto polo propio directo do Plan, o Alcalde de Vigo, o concelleiro de Seguridade, o xefe de Policía Local, o xefe de servizo de Bombeiros que é o director da intervención, de acordo con este documento, e o propio director técnico do Plan que é o xefe da área de Seguridade, a primeira medida que se adopta xa neste momento é de chamar a tódolos efectivos de Policía Local, Bombeiros e Protección Civil que non están de servizo para a súa incorporación inmediata, posteriormente relatarei tódolos efectivos en cada un destes servizos, en aplicación deste organigrama crease o Comité Asesor de Emerxencia, composto polo propio Alcalde e director do Plan, a primeira Tenente de Alcalde, a Sra. Silva, e segundo Tenente de Alcalde e concelleiro de Fomento, o Sr. Regades, e o concelleiro de Xestión Municipal o Sr. Pardo. Dadas as características dos fogos, múltiples, dispersos, diversos e de diferente entidade por cuestións de eficacia e eficiencia se adopta a decisión, adóptana o Alcalde, de crear un posto de mando avanzado, e isto no relato que lles vou a facer a continuación ten a súa moita importancia porque certamente foi o órgano operativo, o posto de mando avanzado, que estivo tomando decisións e facendo a cronoloxía que a continuación referireime, este posto de mando avanzado está composto polo CCOPAL e polo comité asesor ao que me referín anteriormente, este posto avanzado coordinou a emerxencia e a dirección de cantas decisións se adoptaron, este posto de mando como logo lle relatarei, recorreu un por un cada un dos incendios sobre os cales tamén temos esta diapositiva na que figura claramente, primeiro, a evolución da temperatura no día; segundo, a evolución dos ventos e terceiro, os incendios tal e como se foron propagando porque isto é unha continuación do que lles ensinaba anteriormente en canto a que o fogo chega dende fora da cidade, polo tanto, este posto de mando avanzado recorreu todos estes incendios analizando as súas características, a súa gravidade, os efectivos destinados, as medidas de evacuación, seguridade, etc.

Grupos de acción, que figuran aquí, foron os encargados dos servizos operativos ordinarios na situación de emerxencia, e actuaron coordinadamente baixo a dirección única do director do PEMU, o Alcalde de Vigo, este grupos, e son dunha importancia vital, porque algúns se quedan na análise simplista de quen dirixiu ese día pero esquece de tódolos que interviñeron, son os seguintes; Grupo de intervención, xefe de bombeiros que coordinou a execución das medidas de

intervención necesarias para reducir e controlar as emerxencias ás ordes do director do Plan, grupo de transmisión, un suboficial de bombeiros e outro de Policía Local, atenderon na sede da Policía Local á central de transmisións, co fin de coordinar a ambos corpos e para facilitar en tempo real información de cada incidente ao posto de mando avanzado. Grupo de seguridade, dirixido polo concelleiros de Seguridade, encargouse de garantir a seguridade cidadán e a orde nas situacións de emerxencia, coordinou ademais a ordenación do tráfico para a evacuación, balizamento das zonas de intervención, control de acceso ás zonas de emerxencias, facilitou evacuación urxente das persoas en perigo, se estableceron rutas alternativas para os itinerarios inhabilitados mentres, mantivo as redes viarias en condicións expeditas para o tránsito dos vehículos de emerxencia. Grupo loxístico, dirixido polo concelleiro de Xestión Municipal que se coordinou con todo o goberno, con tódolos concelleiros que estiveron operativos ese día dende o primeiro momento en distintas tarefas como logo poderá ir comprobando e especialmente cos concelleiros de Educación, deportes, Participación Cidadán e Medio ambiente, moitas risas pero cando estou relatando o traballo que se fixo en conxunto debería haber como mínimo un respecto a ese conxunto.

Este grupo foi o encargado de facer a provisión de equipamento, abastecemento e materiais necesarios para os distintos grupos de acción, así como todo o relacionado coa área loxística e coordinación, con empresas concesionarias implicadas na emerxencia e logo referireime ao cometido de cada unha. Esta unidade encargouse ademais da habilitación de pavillóns e centros de educación para atender aos damnificados que tiveron que abandonar as súas vivendas, así como de establecer un circuíto de hoteis a disposición das persoas evacuadas que non puideron regresar aos seus domicilios e que estiveron permanentemente atendidas polos concelleiros "in situ". Estableceuse tamén un centro de transmisións na central de chamadas da Policía Local,ponse ao fronte de forma coordinada a un suboficial da Policía Local e a un suboficial do corpo de Bombeiros para coordinar as chamadas coa disposición inmediata de efectos "in situ". Este centro de transmisión garantiu a comunicación continua e ininterrompida en tempo real co director do PEMU e o centro avanzado de mando, así como co resto de grupos de acción, facilitando información exacta de cada emerxencia e coordinando aos efectivos, para que se fagan unha idea, indicar que este centro de

transmisións recibiu 1.097 chamadas de cidadáns nas 16 horas ás que nos estamos a referir. Tamén se creou o centro de información dirixido polo director do PEMU, o Alcalde de Vigo, e coordinado pola xefa de comunicación co fin de coordinar a información á cidadanía e aos medios de comunicación, cuestión que logo en función dos bulos dende logo resultou moi relevante, dicir que este centro de información tivo que desmentir numerosos bulos e informacións falsas que intencionadamente pretenderon crear pánico e caos na poboación, o propio director do PEMU e Alcalde de Vigo tivo que desmentir reiteradamente nos medios de comunicación informacións intencionadamente falsas e irresponsables que ocasionaron confusión e pánico nos cidadáns.

Voume a referir como outro apartado á operativa do posto de mando, ante o risco de evolución tan errática do fogo por cuestións meteorolóxicas, creouse ese posto de mando avanzado como dicía anteriormente ás 13,50 horas, este posto de mando avanzado recorreu dende as 16,00 horas do día 15 ata o mediodía do día seguinte en 4 vehículos nos que estaban distribuídos os efectivos, director de PEMU, Policía Local, Bombeiros e Seguridade, impartindo instrucións en tempo real, o posto de mando avanzado estivo composto por o Alcalde de Vigo, 1º Tenente de Alcalde, 2º Tenente de Alcalde, concelleiro de Seguridade, concelleiro de Xestión de Municipal, xefe de área de Seguridade, xefe de Bombeiros, xefe de Policía Local, enxeñeiro de Seguridade, enxeñeiro de Fomento, directora do gabinete e directora de comunicación, esta é a composición dos 4 coches que foron permanentemente dun incendio a outro incendio.

A primeira reunión do posto de mando avanzado realízase no lugar de Sobreira, e aquí voume a deter porque lles quero facer unha cronoloxía dos feitos e actuacións para que se poida comprobar onde, como e de que maneira se actuou e con que efectivos pero tamén como se cumpriu o PEMU que lles dicía anteriormente á hora do máis importante que era salvar vidas dada a ameaza. Ás 02,18 horas do día 15 de outubro, se declara un incendio na parroquia de Morgadáns en Gondomar, as 13,39 horas, isto xa llo relatei, o xefe de Bombeirosponse en contacto co concelleiro de Seguridade, o concelleiro de Seguridade comunica ao Alcalde a as 13,50 horas decrétase o nivel cero; ante o avance do fogo de Gondomar os Bombeiros de Vigo xa interveñen as 14,15 horas na protección e desaloxo de dúas vivendas na estrada da Fraga en Gondomar, concretamente o vehículo número 14

e nun fogo forestal próximo a vivendas e á autoestrada na propia Fraga en Gondomar, vehículos 5 e 12; ás 14,50 horas outro camiión de Bombeiros con cuba cisterna intervén nun fogo forestal próximo a vivendas na estrada Picadeiro de Cabalos, Cabalos-Vincios; ás 15,00 horas outro dispositivo con cuba cisterna intervén na extinción de incendio forestal próximo a vivendas no barrio do Piñeiro en Vincios; ás 15,30 o posto de mando avanzado, trasládase a Zamáns dado que o incendio de Gondomar chegou próximo ás casas xa no municipio de Vigo, intervención dunha dotación de Bombeiros simultaneamente co vehículo número 8 e nodriza de FFC Fomento, Construcións e Contratas, a partires deste momento e dadas as condicións climatolóxicas o fogo comeza a estenderse a distintos puntos de Vigo, chegando a intervir os Bombeiros aínda que o repetirei posteriormente en 93 incendios na cidade, cuestión que está absolutamente documentada neste documento no que figura cada unha das actuacións.

O posto de mando avanzado recorreu e me gustaría que prestaran especial atención, os focos dos seguintes incendios, Sobreira, Zamáns, Valladares, cercanías do Monte Alba e Monte dos Pozos, Freixo, Fragoselo, Teixugueiras, Navia Vella, Avenida de Europa en dúas ocasións, Samil, Alcalbre, Matamá-Balsas, regreso a Zamáns, Sobreira, Avenida Camposancos e Roteas, este é percorrido que fixo o posto de mando avanzado, fóronse destinando os efectivos en todo este percorrido en función das características e alcance de cada un dos incendios dunha forma coordinada entre os Bombeiros, Policía Local, Protección Civil, Policía Nacional e Garda Civil aos que evidentemente queremos facer aquí o recoñecemento que merecen.

O posto de mando avanzado tamén se coordinou cos efectivos do Aeroporto de Vigo, dúas bombas urbanas pesadas coa Deputación de Pontevedra, unha bomba urbana pesada e catro bombeiros, ás 17,00 horas o posto de mando avanzado recibe a información de que o incendio rexistrado en Parada-Nigrán moi virulento, como xa creo que coñecen, avanza rapidamente cara Vigo, estendéndose cara as parroquias de Coruxo e Monte Alba, a esa hora estaban a traballar na extinción de tódolos focos 99 bombeiros, tres veces o cadro de persoal normal, o máximo de bombeiros que podían estar a traballar dado os efectivos materiais que tiñamos porque senón non poderían cumprir ningunha función. O mesmo pasa cos 110 Policías Locais e con 40 voluntarios de Protección Civil, 40 voluntarios, que os que

estivemos sobre o terreo vímolos, entendo que os que non estiveron non visen a ninguén de Protección Civil, así como efectivos da Policía Nacional e Garda Civil, a pesares de que os fogos de Gondomar e Nigrán estaban absolutamente descontrolados e se estendían á cidade de Vigo provocando 93 incendios, a Xunta de Galicia non decretou o nivel 2 de emerxencia ata 20,30 horas do día 15, este é o documento polo que a Xunta de Galicia as 20,30 activa Peifoga e Pladiga e aquí tamén se fala dun posto de mando avanzado porque tamén está no Plan correspondente da Xunta de Galicia. O motivo da activación por parte da Xunta de Galicia deste nivel 2 é risco para as casas, “a boas horas mangas verdes”, cando levábamnos dende as dúas da tarde e estou a falar das 20,30, dicir que declarar a situación 2 é “obrigatoria cando un ou varios incendios forestais na súa evolución previsible, poden afectar gravemente á poboación e aos bens de natureza non forestal e que esixen a adopción inmediata de medidas de protección e socorro, o Plan debe activarse situación 2 cando existiu afección á poboación e aos bens de natureza non forestal adoptando medidas de protección dirixidas á poboación”, lin textualmente o que figura no documento e aquí ven outra sorpresa para aqueles que falan de oídas e que se queren quedar no superficial, o director deste Plan que se activa por parte da Xunta de Galicia é o delegado territorial da Xunta de Galicia na provincia afectada polo fogo, entendo que dada a situación referida a Vigo, correspondíalle ao delegado territorial de Vigo para aqueles/as que preguntan moito polos formulismos e que debaten sobre determinadas cuestións, debo afirmar categoricamente que o delegado territorial da Xunta de Galicia en Vigo xamais se puxo en contacto co Concello de Vigo durante esta crise, tampouco por parte da Xunta de Galicia a pesares de ter decretado esa situación 2, mobilizáronse os grupos operativos obrigatorios que están establecidos tanto no Pladiga como no Peifoga, non existiu tampouco o apoio loxístico, nin seguridade, nin dispositivos sanitarios, nin medios extraordinarios que prevé esta situación 2. É importante sinalar que ás 22,00 horas, manifestouno no Pleno extraordinario da semana pasada, o Alcalde de Vigo e director do PEMU, contactou persoalmente co Presidente da Xunta de Galicia para informarlle da situación extrema que se estaba a vivir na cidade, o Presidente da Xunta de Galicia informa ao Alcalde de Vigo que a Xunta de Galicia non dispón de medios para destinar á cidade de Vigo e que en todo caso está previsto que a UME chegue a Galicia en torno ás 5 da mañá, o

Alcalde transmitiulle ao Presidente que consideraba que se podería abordar a emerxencia con medios propios, pero que en todo caso lle volvería a chamar, poñerse en contacto con el se a situación empeoraba. Posteriormente, o día 16, o Alcalde ponse en contacto co Presidente da Xunta de Galicia novamente as 10,45 da mañá para infórmlle de que a situación foi totalmente controlada, en ningún momento nos queixamos, en ningún momento fixemos unha cuestión partidista deste tema e entendíamos perfectamente que a situación na que se estaba non había medios por parte da Xunta de Galicia e por tanto xa se anticipou que se trataría como así foi finalmente de resolver todo o que pasou con medios propios. Este como lles dicía foi o relato e a cronoloxía do que pasou, do que foi pasando e do que foi decidindo o Posto de Mando Avanzado.

A decisión de crear o Posto de Mando Avanzado, na valoración que fixemos posteriormente, que moito traballo levou como poden ver polos documentos que lle mostrei, resultou altamente pertinente e acertada para facer fronte ao segundo incendio con orixe ás 17,00 horas en Parada-Nigrán, de rápida e intensa propagación, a inmediatez respecto dos centros de decisión operativa, facilitou a toma de decisións, a mellor distribución dos recursos existentes, o coñecemento directo do Estado de evolución da emerxencia, e en definitiva a utilización da resposta municipal, é evidente que non era hora nin momento de estar en despachos senón estar onde había que actuar e onde se tiña que tomar decisións, a pesares de gravidade da emerxencia que viño determinada por factores meteorolóxicos, e dada a intensidade e extensión, a resposta con medios exclusivamente propios resultou altamente eficaz, de feito, e sen prexuízo de actuacións residuais, de revisión e inspección de focos xa extinguidos, ás 5 da mañá, 15 horas despois, está totalmente resolto e controlada esa situación de 93 incendios que se produciron.

En 15 horas resolto de forma absolutamente satisfactoria, tamén destacamos que a presenza nese lugar dos incendios de todo o organigrama que lles mostraba anteriormente e que figura no PEMU, certamente foi moi eficaz.

Dicíalles, pero o reitero, que por parte da Xunta de Galicia a situación de emerxencia, por parte do 112, se declara as 20,30 horas cando o traballo xa dende a dirección do PEMU era notorio e se ían resolvendo os incendios que se produciron.

Vou relatar a continuación baixo o epígrafe de efectivos e recursos, os efectivos que destinamos por parte de cada servizo dentro do conxunto do operativo.

Policía Local, neste caso chegaron a intervir 110 axentes, pasouse de 31 axentes as 13,00 horas a 110 axentes no momento máis crítico dos incendios, a maior parte dos efectivos chegaron a traballar de forma continuada máis de 35 horas, este era o número tope porque evidentemente se ten que acompañar de coches, motos, para desprazarse. Por parte de Policía Local estableceuse o seguinte operativo concreto, avaliado e decidido polo Centro de Mando Avanzado e polo director do PEMU; estableceuse o seguinte operativo: Operativo de coordinación do persoal, operativo de coordinación das evacuacións, operativo de coordinación con Bombeiros, Protección Civil, Policía Nacional, servizos de limpeza Vías e Obras, e outros servizos municipais etc. Estableceuse como me refería anteriormente, o centro de transmisións composto por dous suboficiais, un de Policía Local e outro de Bombeiros que atendían a central de comunicacións, en canto a medios materiais estiveron en permanente funcionamento e sen descanso 18 coches patrulla, 3 vehículos GOA, tres vehículos atestados, 7 coches de servizo e 14 motos, isto da un total, dentro da diversidade que lles relatei, de 38 unidades materias para traballar por parte de Policía Local durante todo ese tempo.

Cando se pregunta se estábamos preparados neste goberno para atender un día como o 15 de outubro, levamos preparándonos 10 anos, cando eu entrei por primeira vez neste Concello, había 4 coches de Policía Local absolutamente destartalados e moi poucas motos, o que lles acaba de relatar agora que é cuestión de un investimento continuado e dun sistema que permite ter permanentemente en funcionamento todas estas dotacións, foi como tamén en Bombeiros, un traballo de investimentos, un traballo de planificación por parte deste goberno durante 10 anos.

Bombeiros, o xefe de servizo de Bombeiros asumiu dende as 14,00 horas a función de dirección da intervención, o cadro de persoal de bombeiros triplicouse ata alcanzar 99 efectivos traballando simultaneamente, é dicir, tódolos posibles, non faltaba absolutamente ningún dada a relación cos medios materiais, aquí tamén como en Policía debo de recoñecer que todos estiveron a disposición, é máis, algúns nin foi necesario chamarlles.

O servizo de extinción de incendios fixo 93 intervencións, neste documento que

mostraba anteriormente, dende as 14,20 horas do día 15 ata as 15,00 horas do día 16, tamén coa supervisión de incendios xa extinguidos, o centro de transmisións como lles dicía recibiu 1.097 chamadas.

En Bombeiros utilizáronse os seguintes medios; dous vehículos nodriza con 13.000 litros de auga, unha parte certamente importante porque permitiu que estando estes vehículos nodriza, vehículos que tiñan que apagar os incendios estiveran perfectamente subministrados ao segundo, de auga en caso de que non a tiveran no vehículo propio, cuestión que tamén algúns descoñecen e valoran de aquela maneira, 9 camións de bombeiros de distintas capacidades, e aquí lles quero dicir porque tamén hai comentarios sobre isto, afirmo categoricamente que como produto desa actuación de 10 anos en investimentos, o servizo de Bombeiros de Vigo ten a mellor dotación de medios materiais por suposto dunha cidade do noso número de habitantes pero tamén de cidades que nos superan en número de habitantes, tamén se utilizaron 10 cisternas de FCC e Aqualia, abastecendo aos vehículos de bombeiros o que permitiu que os vehículos de extinción, como dixera anteriormente, entre uns e outros estiveran activos permanentemente sen necesidade de regresar a encher auga.

Apartado de Protección Civil, o Posto de Mando Avanzado contactou con Protección Civil que chegou a destinar máis de 40 voluntarios colaborando en labores auxiliares de colaboración en asistencia e axuda á poboación, tamén me refería no apartado de coordinación con outros efectivos ao amparo da dirección do PEMU complementouse de forma notable e eficaz con Policía Local, Garda Civil e Protección Civil.

Pero hai unha parte tamén moi importante evidentemente correu a gran carga sobre Policía Local e Bombeiros pero tan importante é o que chamamos o conxunto do operativo e os servizos doutras concellerías que tamén se demostrou que estábamos listos para atallar unha situación tan especial e tan grave como esta, e voume a referir un a un.

Fomento, concellería de Fomento, Vía e Obras, Electromecánicos, Parque Central, a concellería de Fomento contribuíu con medios propios de distintos departamentos para reforzar a loxística de intervención e para garantir a prestación de servizos públicos que isto tamén estaba previsto, ademais estableceu un dispositivo de coordinación coas empresas concesionarias de servizos públicos como auga,

limpeza, alumeado público, etc. Aqualia reforzouse con persoal do servizo de abastecemento para garantir a coordinación co Concello de Vigo e o propio subministro, e aquí que esta é unha parte certamente importante polos bulos e especialmente polo bulo que difundiu un concelleiro do Partido Popular, aquí hai que aterse á certificación da empresa de Aqualia, aquí non vale falar por falar, aquí non vale dicir que se ía cortar a auga as 12 da noite, non vale dicir que non había auga potable, non vale dicir determinadas cuestións cando nos temos este certificado de Aqualia que se expediu no que non houbo ningún corte do subministro en ningún momento, no que non houbo ningunha dificultade, no que ao longo de todas estas horas fóronse facendo de forma sistemática, analíticas da potabilidade, isto é a realidade e este é o documento fronte aos bulos e fronte ao que realmente pasou, falar por falar, dicir por dicir, e propagar por propagar é moi fácil pero hai que remitirse a esta certificación de Aqualia, tamén por parte de Aqualia e moi importante, reforzouse cun retén a presa de Eiras e a Etab e Valadares, achegáronse dous camións cisterna con seis operativos e un capataz, vou ir un pouco máis rápido nunha serie de datos porque certamente os datos son o importante; mantemento de alumeado, dispúxose un reten extraordinario para atender as posibles incidencias no alumeado público, dicir en todo caso que non existiu ningún corte de luz con carácter xeral e tampouco ningunha incidencia reseñable neste senso, estivemos permanente en contacto coa dirección de Unión Fenosa.

Mantemento de viais, dispúxose un reten adicional de 4 persoas na base da rúa Florida, ademais se dispuxo para o operativo unha retroescavadora, dúas retros pequenas, dous camións e un buldocer 955; servizo de limpeza FCC, pola súa parte o servizo de limpeza tamén incrementou os seus efectivos e puxo a disposición do operativo os seguintes medios, 8 cisternas con auga, con capacidade para 65 metros cúbicos de auga, 8 condutores e 2 capataces, dicir que o servizo de limpeza tamén colaborou na extinción de incendio propio que tiñan na súa nave baixo a supervisión do servizo de bombeiros. Parque Central de Santa Cristina puxo a disposición do operativo 6 condutores que se encargaron do desprazamento de voluntarios, medios e recursos para abastecer o pavillón do Berbés e o colexio Tintureira, centro deportivo Máis que Auga de Navia abriu as súas portas e facilitou persoal e mangueras para atender os incendios de Navia.

Voume a referir agora ás medidas de protección e actuación concretas que fixo baixo a dirección do director do PEMU, medidas de protección á poboación que este é un apartado que está no PEMU e que certamente se desvelouse como moi importante ese día, avisos á poboación afectada mediante dotacións policiais con megafonía e axentes de Policía Local porta a porta, hoxe cobra senso este cambio de coches que temos en Policía Local cos servizos que seguramente viron vostedes de megafonía, duns rótulos que nos permitiu durante ese día cumprir esta labor de aviso á poboación, evacuación de vivendas afectadas e reubicación dos damnificados en catro hoteis da cidade, evacúase máis de 450 persoas, das cales 122 realoxáronse en hoteis xa que o resto preferiu optar por aloxarse en casas de familiares e amigos, estes 4 hoteis, estas 450 persoas foron atendidas de forma persoal e individualiza e en conxunto dado o colectivo, por concelleiros deste goberno que cumprían esa labor de apoio. Como digo os concelleiros de goberno estaban presentes en cada un destes hoteis, habilitouse no que é esta medida operativa o Colexio Tintureira que acolleu a un pequeno grupo de persoas que non quixeron abandonar o lugar e trasladarse ao hotel, nesa actuación cando había moitas persoas alí, como consecuencia dos que habían descendido de Fragoselo, o director do PEMU, o Alcalde de Vigo, tomou a decisión de abrir ese colexio, requiriuse á directora do colexio de Tintureira á que lle agradecemos como a outros centros escolares o que cunha predisposición estivera de forma inmediata alí para abrir o colexio, pero tamén habilitouse o pavillón do Berbés, en previsión da posible necesidade dun espazo de tránsito ata o realoxo en hoteis na cidade aínda que non foi necesaria a súa utilización, estableceuse un dispositivo especial para evacuar aos estudantes da Universidade de Vigo, e neste senso e complementariamente os meus compañeiros os concelleiros distribuídos e organizados, estiveron esperando na estación de Renfe a chegada dos estudantes que regresaban a Vigo para advertirlles da situación, que non podían ir á residencia da Universidade de Vigo e para informarlles das opcións que tiñan. Estableceron tamén os dispositivos de controis de estradas e puntos de cortes e desvíos alternativos por Policía Local, recolléronse datos das persoas afectada que xa foron reunidas no Concello de Vigo para a atención das súas necesidades. No apartado de medidas reparadoras, non foi necesario o establecemento de sistemas alternativos de electricidade e de auga porque non estivo en risco o

subministro en ningún momento tal e como queda acreditado nas certificacións, do mesmo modo non se adoptou en ningún momento a decisión de corte de ningún subministro, para aqueles que mostran un descoñecemento, as puntuais baixadas de presión debéronse precisamente ao consumo masivo de auga por parte dos cidadáns, no control de accesos evidentemente fíxose un control de accesos ás zonas sinistradas ou ameazadas.

Avisos á poboación e é certamente importante ao noso entender, enviáronse avisos á poboación por distintos medios, directamente pola megafonía de Policía Local coa utilidade dos vehículos que mencionaba anteriormente, e tamén aviso a través dos medios de comunicación que foron facilitados polo persoal de centro de información e polo propio Alcalde de Vigo e director do Plan a través de notas de prensa, comunicados e intervención directa e en tempo real en tódolos medios de comunicación, tanto locais como rexionais e como nacionais. Isto foi certamente importante, a primeira entrada nun medio de comunicación do Alcalde en directo, ás 23,23 horas creo lembrar, serviu para que todos aqueles bulos que se estaban a difundir pola cidade, toda aquela alerta e alarma que se estaba a crear, evidentemente quedara desmentida categoricamente, en bulos e informacións falsas é necesario facer unha mención específica porque se difundiron dende o primeiro momento, creo que os coñecen todos vostedes, é certamente dunha grave irresponsabilidade pero chegouse a difundir que había un incendio no hospital Álvaro Cunqueiro, no Zoo, a explosión de varias gasoleiras e evidentemente se algún cargo público concelleiro do Partido Popular se permite unhas declaración na radio de que a auga non era potable, absolutamente desmentido por Aqualia, pois evidentemente isto contribuíu aínda a crear esa alarma que afortunadamente foi aplacada, negada pola intervención do Alcalde e logo tamén referireime en numerosos medios de comunicación. Polo tanto, fíxose comunicación aos medios de comunicación e os quero relatar, foise trasladando dende este momento aos seguintes medios de forma individualizada, Cadena Ser, Vigo e Galicia, Radio Galega, TVG, A Sexta, fanse varias entradas en directo do Alcalde ao longo da noite fundamentalmente para desmentir bulos, Antena 3, Vía Radio, VTelevisión, Europapress Galicia, Faro de Vigo dixital, La Voz de Galicia dixital, Atlántico diario dixital, Vigoe, Vigo ao minuto e algún outro que ao mellor non relacionei aquí. Ao día seguinte o Alcalde a primeira hora da mañá comparece

en rolda de prensa ante os medios de comunicación para explicar a situación dos incendios e posteriormente e nesta liña informativa entra en directo en tódolos magazines da mañá das cadeas que así o solicitan tales como Televisión Española, Antena 3, Telecinco, a Sexta, Intereconomía, Onde Cero Nacional, Especial da Ventana que se fixo dende Vigo en Fragoselo, Cope Nacional, Telecinco, Televisión Española Diario o dixital.

Un apartado é do tratamento de afectados, atendendo as características específicas de cada un dos incendios, en función da súa localización, extensión e risco para as persoas e bens, adoptáronse as seguintes medidas por parte do Posto Avanzado de Mando, a evacuación a hoteis aos que xa me referín, e o Colexio Tintureira, e no lugar do sinistro os efectivos fixeron as seguintes funcións, impedir a expansión do fogo con tódolos medios dispoñibles, isto eran as decisións que se ían tomando “in situ”, control do escenario e aviso á poboación, identificar e neutralizar os riscos engadidos, limitar o área de incidente que foi dunha eficacia substancial levada a cabo por Policía Local, identificación de afectados e facilitar e optimizar os accesos aos servizos de emerxencia.

Como medida posterior, acordouse a creación dunha oficina de atención aos afectados, dende a concellería de Xestión Municipal que asumiu o grupo operativo de loxística, organizouse ao día seguinte do sinistro a posta en funcionamento dunha oficina de atención aos afectados, comprende asesoramento telefónico de luns a venres, en horario de mañá e tarde e sábados pola mañá, asesoramento presencial, luns a venres de 8 a 15 e todo elo ubicado no primeiro andar Xestión Municipal, contactouse persoalmente con todas aquelas persoas identificadas nos distintos fogos e se lles facilitou asesoramento, información para a tramitación de axudas, así mesmo se publicaron anuncios nos medios de comunicación e se mantiveron diversos contactos cos afectados e o Alcalde de Vigo reuniuse cun colectivo de máis de 40 persoas, neste momento se comezou a tramitación e xestión de axudas.

Medidas excepcionais de transporte nesta colaboración que se deu entre as concesionarias co Posto de Mando Avanzado, o Alcalde de Vigo dispuxo de forma coordinada coa concesión do transporte público, un dispositivo especial de transporte público para o traslado das persoas desprazadas do seu domicilio, existiu un dispositivo especial en cada un dos focos dos incendios así como o

especial para o traslado de estudantes tanto dende o campus como dende a estación de Renfe de aqueles que regresaban, tamén un dispositivo especial na residencia San Francisco, vimos, os que estivemos alí, os autobuses de Vitrasa en cada un dos incendios, aínda en Roteas ás 5,45 horas da mañá, en previsión de que puidera ocorrer algo, o autobús de Vitrasa estaba alí.

Quero referirme a outras medidas como relacións institucionais e demais que se adoptaron, en relacións institucionais o Alcalde de Vigo mantivo unha reunión co Presidente do Goberno, Presidente da Xunta de Galicia e Presidenta da Deputación de Pontevedra, que se realizou o día 16 de outubro con motivo da presidencia do Presidente de Goberno, e que nese momento o Alcalde informou do que pasara nesas 16 horas, tamén o Alcalde de Vigo dirixiuse de forma expresa nesa reunión e posteriormente tamén ao Presidente de Goberno de España para solicitar do Consello de Ministros a declaración de municipio como zona especialmente afectada por unha emerxencia de Protección Civil, declaración dado que fomos os primeiros en dicir que o Alcalde de Vigo puxo especial énfase que finalmente se produciu o día 10 de novembro.

Mapa forestal de Vigo, de forma inmediata o Alcalde de Vigo deu instrucións para a redacción do novo mapa forestal de Vigo, onde teñamos un novo escenario adecuado ás condicións de cambio climático e de sequía, o Alcalde de Vigo tamén reclamou un Pacto de Estado ante a magnitude do problema e solicitou do Goberno de España a constitución dunha comisión que parece ser que foi aceptada e polo tanto se entende como un logro e se fai un recoñecemento dentro desa lealdade institucional que mantivemos en todo isto e permanentemente.

Reforma lexislativa, o Alcalde de Vigo e sobre todo tamén na súa condición de Presidente da FEMP impulsará unha reforma lexislativa urxente que permita ás entidades locais intervir directamente en aqueles casos nos que o particulares fagan un desleixo claro do seu deber de manter as fincas limpas, escoitando a algún responsable político, parece que é unha competencia municipal e deberían de ver a normativa para comprobalo.

Comunidades de montes ao día seguinte do incendio o Alcalde de Vigo reuniuse coas comunidades de montes ao obxecto de avaliar e de tomar medidas, foi o Concello de Vigo, o concello pioneiro en adopción de medidas inmediatas para paliar o dano de montes, e nisto en coordinación coas comunidades de montes e

con máis de 60 voluntarios supervisados se iniciaron de forma inmediata as labores de recuperación do monte como xa tiveron vostedes coñecemento.

Reunións cos afectados que xa me referín e consumo de auga, o Alcalde de Vigo, fíxose público pero lémbroo, xa deu instrución á empresa concesionaria do servizo de abastecemento de auga para que non se lle cobre aos cidadáns o incremento do próximo recibo de auga de modo que non teñan que asumir os vigueses o sobre custe de consumo polos seus actos de solidariedade e defensa dos seus bens.

Voume a referir a continuación á mobilización e coordinación coa cidadanía, foron 16 horas tremendas nas que un factor importante e non paramos nestes trinta e tantos días de recoñecelo, foi o comportamento da cidadanía, unha resposta solidaria, entregada e desinteresada ata límites dificilmente imaxinables despois do chamamento que se fixo por parte do Alcalde de Vigo, todos puidemos velo, auténticas cadeas de solidariedade humana sen precedentes se organizaron baixo a supervisión e as instrucións do Posto de Avanzado de Mando liderado polo Alcalde o que permitiu que moitas situacións de emerxencia se paliaran ou mitigaran ata a chegada dos efectivos. A presenza sobre o terreo do Alcalde acompañado dos efectivos do posto de mando, permitiu entre outras accións que foron moi importantes, prover de mangueras, palas, bocas de rego, caldeiros, etc. aos cidadáns que de forma masiva acudiron a extinguir os focos, todo iso, é certo, coordinadas ditas actuacións polos responsables técnicos, neste caso especialmente por parte do xefe de Bombeiros, por parte de bombeiros instruíuse aos cidadáns nese manexo, organizouse e coordinouse a tódolos voluntarios.

Concluín o relato do que pasou, o relato dos medios que utilizamos ese día, este é un relato exhaustivo pero fiel do que pasou e do que se fixo, 16 horas, dende que temos coñecemento da ameaza do incendio primeira, 14 horas ás 5 da mañá van 15, 16 horas, nas que se atallou a situación máis grave vivida pola cidade nun espazo horario tan condensado e foron como puideron comprobar, porque esta é a realidade non a que ninguén se queira imaxinar e que ninguén queira crer que pasou porque todo isto que lin está documentado, foron 16 horas de actuar sobre o terreo, de toma de decisións minuto a minuto, sobre un escenario moi cambiante que obrigaba á toma de decisións rápida e inmediata pero tamén sobre un escenario certamente cada vez máis perigoso e que crecía segundo avanzaban as primeiras horas.

Se as 21 horas, cando estábamos no colexio de Tintureira, acababamos de saír os últimos de Fragoselo, entre chamadas, nos houberan dito que en 16 horas aquilo estaría solucionado, houbera sido difícil de crer. Pero nesas 16 horas conseguise, porque deuse unha extraordinaria cohesión, que foi entre tres vértices, Alcalde como director do PEMU que tiña que actuar e dirixir, era o que lle correspondía e era o que fixo dunha forma certamente satisfactoria, eficaz e eficiente.

O conxunto de servizos de actuacións que denomino operativo e que lle fun desglosando, dende o máis visible, Policía Local e Bombeiros pero todos aqueles que colaboraron dende ámbitos de funcionarios municipais e servizos das concellerías coas concesionarias, e o terceiro vértice o dos cidadáns aos que nunca estaremos de todo agradecidos ao que fixeron, aos que debemos facer un recoñecemento expreso pola súa valentía e pola súa colaboración. Esta cohesión, que digo entre estes tres vértices, permitiu unha dirección eficaz e rápida por parte do Alcalde director do PEMU, tomando decisións para o máis importante que é de senso común pero que tamén o marca tódolos documentos que é salvar a vida das persoas e isto foi dende o primeiro minuto ata o último, esta cohesión que digo deuse porque o operativo conxunto de servizos tivo unha xestión eficaz dese conxunto de servizos, maioritariamente públicos desta casa, pero co apoio inestimable dos privados que actuaron e que relatei amplamente, e esa unión finalmente foi posible polo comportamento dos cidadáns, solidarios ata límites exemplares, cunha gran serenidade a pesares da desesperación e dos bulos que ían correndo cada vez máis e sumándose ás decisións, vino sobre o terreo, que se ían tomando acatándoas e colaborando, esa unión, esa cohesión que materializa os fríos documentos dos planes de protección permitiu a esta cidade solucionar en 16 horas o seu problema máis grave de moitos anos o que houbera sido peor, a catástrofe, a maior catástrofe da súa historia, tocaba neste Pleno relatar o sucedido e todo o seu contexto, aqueles que analizaron isto dende posicións partidistas, aqueles que se quedaron nos detalles espero que teñan cumprida conta do que se fixo, como se fixo e quen o fixo.

Alcalde de Vigo, o relatado e a súa rápida resolución a pesares de gravidade, só foi posible pola súa xestión na dirección nesas 16 horas, lle correspondía a vostede a tarefa da dirección, efectivamente, fixo o que debía facer, coa eficacia que mencionaba anteriormente, a pesares das risas Alcalde, estivo 16 horas onde

debía estar, cos cidadáns, tomando decisións, explicándollas a todo o que se achegaba, tranquilizando aos que xa non podían estar máis desesperados, son testemuña como tódolos meus compañeiros, de que estivo vostede como director deste Plan en contacto con miles de cidadáns porque a pesares desas risas, ser alcalde non é nada fácil, ser un gran alcalde está ao alcance de moi poucos e na xestión das catástrofes naturais é onde se ve aos grandes alcaldes, estou seguro que os 73.074 vigueses que lle demos a confianza ao Sr. Caballero para ser Alcalde desta cidade, fixémoslo porque confiábamos no proxecto de cidade, pero estou seguro que cadaun destes 73.074 nalgún momento pensamos que esta cidade podía sufrir un día como o do 15 de outubro, e votamos a ese Alcalde convencidos de que faría o que fixo nesta ocasión e convencidos de que se solventarían as situacións con esa gran capacidade de decisión.

Non me podo, quero facer o noso recoñecemento e noso orgullo Alcalde de Vigo como parte do seu goberno, recoñecemento e orgullo que é o dos cidadáns, a nosa pública felicitación que é a dos cidadáns porque o día 15 de outubro ante a situación máis grave que viviu a nosa cidade demostrouse que este goberno viña planificando, viña tendo os medios necesarios para solventar unha situación tan grave, os cidadáns recoñecéronllo, os que temos a honra de gobernar con vostede tamén llo recoñecemos e nos felicitamos desta cohesión que dicía anteriormente.

SR. PÉREZ CORREA: Salvo estas alegacións propio de escena final de Braveheart que nós non imos a entrar porque creo que non forma parte do debate, agradecemos que fora extenso, e que se tocaran algúns puntos que para nós son esenciais e algúns puntos que dende logo nós queríamos matizar, a parte dunha intervención extensa que cita unha parte substancial da xente que estivo, dos operativos e dos recursos que estiveron presentes pero esquece a alguén que son os miles de veciños que colleron caldeiros das súas casas porque ninguén lle dicía absolutamente nada do que estaba a pasar na cidade mentres un Alcalde estaba a dicir que estaba todo controlado, veciños de Coruxo, de San Andrés, veciños que de “motu propio” chamaban á concesionaria, no caso de San Andrés dicindo “teredes que quitar os camións do lixo por se arden”, é dicir, cousas que logo veremos ao detalle, pero antes diso, antes de comezar sobre a cuestión do operativo, sobre a cuestión do que fixeron as veciñas/os de Vigo, moitos deles

desesperados, queríamos facer tamén un relato da cidade que temos, isto é o que vostedes lles envían á Xunta de Galicia dentro da ordenación provisional, dentro do documento ambiental que aparece todo o que é a coroa forestal de Vigo, o problema de Vigo non é exclusivamente forestal, que poderíamos dicir que cada vez vaise achicando máis a clasificación forestal de Vigo, o problema que temos que o monte dende hai case, non digamos dúas xeracións, pero hai unha xeración de vigueses que abandonou a actividade agraria e o que nós pensamos que ardeu é monte, non é monte, ardeu moita superficie agraria, superficie que antes chegaba ás casas, o monte nesta cidade nunca chegaba ás casas, o monte estaba detrás, entre as casas e o monte había unha cousa que se chamaba o aproveitamento agrícola de moitas fincas, o abandono da actividade agrícola significa que esas fincas se convirten en monte e se convirten en monte baixo, polo tanto, esas fincas clasificadas non é responsabilidade limpadas das administracións doutra índole, é este Concello o que ten que executar a limpeza de todas esas fincas, obrigar aos propietarios e iso si aos propietarios que non se coñecen si que a responsabilidade pode ser autonómica, pero dos propietarios coñecidos por suposto que é responsabilidade municipal, e de maneira executiva vostedes poderían crear un cinturón de seguridade en torno ao monte e as casas, porque non falamos de monte comunal, estamos a falar de monte privado que nin sequera está clasificado por vostedes como monte senón que está clasificado como solo urbano non consolidado ou como solo rústico, polo tanto, responsabilidade municipal evidente, calquera persoa que saiba un pouco de urbanismo sabe cales son as ordenanzas municipais que obrigan a limpar as fincas aos donos e os propietarios que nunca se executan nese Concello. De maneira, vostedes poden facelo e logo cargarlle o cargo ao responsable das fincas coñecidas, aquí case tódalas fincas son coñecidas porque o sistema de reparto de herdanza que ten en Vigo é bastante fácil saber quen son os donos desas fincas, polo tanto, perdemos ese cinturón de seguridade, historicamente, non é unha responsabilidade vosa pero perdemos un cinturón agrícola de seguridade que tamén teríamos que avanzar en que facer.

Nós queríamos facer tamén dous relatos importantes, o primeiro, claro que hai un Plan Municipal de Emerxencias, por certo, que parece que hai que facer unha instancia ao Vaticano para conseguilo, ao final acababamos conseguíndoo despois

de estar todo un día buscando o dichoso Plan Municipal de Emerxencias, todo un día, polo tanto tamén un documento que debería ser accesible a calquera persoa, comezando polos corpos e polos bombeiros que son membros deses operativos, e vostedes fainos un relato obviamente e como se nos le o Plan, podíamos ler perfectamente o Plan, podíanos facer un relato do que ten que facer o Plan pero o Plan tamén terá que ter probas documentais de como se activaron, se os grupos que están incluídos nese Plan tiveron algunha reunión, se hai actas, porque vostede me pode dicir tódalas actuacións e activacións posibles e como nas empresas que a xente ten que facer un “chess lease”, ten 20 coches e logo fai o “chess lease” é moi habitual nas empresas e é onde se producen a maior parte dos fallos de funcionamento e facer o chess lease a tempo parcial, non claro vostedes estiveron buscando información para xustificar isto, pero a corpo pasado, buscando e tráenme un certificado de Aqualia, fíome eu do certificado de Aqualia, desa empresa pantalla que teñen vostedes, cero, para que vostedes me traian un certificado, dennos vostedes o certificado de consumos de auga dos últimos 15 anos e mándellos á Xunta de Galicia para saber se realmente houbo despilfarro nesta cidade, pídanne a Aqualia os certificados diarios de baldeo, se imos pedir certificados eu quero moitos certificados de Aqualia, cantos cartos de Aqualia, dos 20 millóns de Aqualia, se adicou á rede de saneamento e canto a outras cousas peregrinas como os dinosetos, os certificados de Aqualia podemos poñer aquí 20 que non os imos crer e preocúpanos que ese día os operativos estaban compostos polas concesionarias privadas, é dicir, un operativo 100% público, con recursos suficientemente públicos, non vale que nos poña FCC recursos sobre todo cando temos un parque móbil que vostedes nin sequera sabían o estado operativo das palas, nin sequera souberon que facer, seis condutores do Parque Móbil, hai traballadores que poden coller un camiión, cargar un depósito de auga, camiións que por certo están nun estado lamentable, hai palas que poden facer un corta lumes de terra, tiñan unha baldeadora, unha, mandárona efectivamente a Sobreira, o condutor quedou alí tres horas co baldeadora ata que motu proio decidiu ir a subministrar auga por aí, ninguén lle dixo absolutamente nada, polo tanto, e que nin sequera nos 10 minutos escasos que temos a oposición imos resolver estas cuestións, nin sequera imos resolver tódalas preguntas que lle temos que facer porque non me vale de nada chamar a golpe de teléfono a tódolos

bombeiros, a tódolos Policía's Locais cando xa se sabe que os operativos que temos son escasos porque vostedes non quitan a oferta pública de emprego, fallan 23 condutores bombeiros neste Concello, fallan case 40 bombeiros, fallan recursos, claro que fallan, pódese mellorar é que esperemos que se mellore, entre outras cousas porque o servizos de extinción van aumentando tamén en calidade e en técnica, nós pedimos que se cumpra a oferta pública de emprego, entre outras cousas porque unha das dúbidas que temos nós é que en condicións normais, sen buscar os reforzos, sen chamar a xente temos os operativos completos para quitar os dous reténs tanto de Teis como de Balaídos, porque os propios sindicatos de Bombeiros din que non, os propios traballadores din que non, polo tanto, aquí hai unha cuestión que nos falla, fállanos o relato de como funciona o PEMU, xa o sabemos non fai falla que nolo diga, o relato o que hai que facer porque pono aquí, pero tamén di claramente, iso do Posto de Mando Avanzado, de verdade, a ver, o Posto de Mando Avanzado non é o Alcalde nun coche, é que o pon aquí, o Posto de Mando Avanzado en todo caso ten un mandato técnico que se chama xefe de área de Seguridade, o que faga a Xunta de Galicia, eu xa non me espero nada, pero espérome, a dirección do PEMU e o Alcalde, pode haber un posto de Mando Avanzado se eses catro coches que ían en modo Santa Compañía quedaran illados polo lume, quedaran nunha zona onde o repetidor de teléfono quedara illado, que pasaba co resto do operativo? O Posto de Mando tiña que estar aquí neste edificio. E o Posto de Mando Avanzado, efectivamente, non sei se ían vostedes xuntos, separados pero é fácil nunha situación de emerxencia que quedaran illados o xefe de Policía e o xefe de Bombeiros, é fácil, é fácil que fallara a comunicación telefónica por saturación porque moita xente efectivamente chamaba e porque tamén podía caer un repetidor, arder, ou desaparecer a liña telefónica.

Polo tanto, si xa sabemos o Plan de Emerxencia, sabemos os operativos que hai neste Concello e sabemos todas estas cuestións, imos a darnos uns meses de traballo, pero para unha cousa tan sinxela que non é culpabilizar, vostedes pensan que nós queremos as comisións de traballo, xa non lle imos buscar un eufemismo para que non soe tan absolutamente fiscalizador, unha comisión de traballo porque ao mellor hai que eliminar este Plan de Emerxencia, dicir que non vale e volver facer un novo porque o Plan de Emerxencia obrigáballes a vostedes a ter un Plan Especial para incendios forestais, dio o Plan, di que ante o risco dos poucos

riscos que non temos, un Plan de Emerxencia que di que en Vigo non hai que facer nada pola seca porque nós non temos problemas de seca, isto dio o Plan de Emerxencia, que non hai risco de seca, pois agora si o hai, de feito haino extremo, polo tanto, comisión de traballo, poñemos enriba da mesa os recursos, compromiso de quitar a Oferta Pública de Emprego de Bombeiros e de Policía Locais que falla, os cales eu quero agradecer a inmensa labor que fixeron, moitas veces de motu proprio, e dígoo así, moitas veces de motu proprio, iniciativa persoal dos profesionais magníficos que temos nesta casa nos corpos de seguridade e nos corpos de extincións de bombeiros. Fagamos ese traballo, démonos un meses para quitar unhas resolucións que permitan a este goberno local decidir se nos cambiamos a outro plan pero non inventemos un plan que non existe, dun Alcalde nun coche por tódalas parroquias de Vigo porque iso non existe aquí, neste papel polo menos non existe ese Posto de Mando Avanzado e non corresponde ao Alcalde de Vigo, démonos ese traballo e nós nos comprometemos a que se nalgunha destas cousas nós dicimos que non, se dicimos, se é mentira que o parque móbil deste Concello está desmantelado precisamente para darlle certo protagonismo en determinadas cuestións ás concesionarias privadas, se me din vostedes que están operativos os vehículos, que a baldeadora estivo ben ubicada, que os camións tiñan todas as revisións ou os neumáticos en condicións, nós asumiremos a mea culpa, pero pedimos esa comisión se ao final hai posibilidade de que haxa resolucións ou imos pedir e traballemos para modificar un Plan que dende logo vostede leu moi ben, teño que recoñecer que le moi ben un Plan pero que nós non nos fíamos nin unha coma do operativo que se montou.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade é que este goberno para facer a comparecencia e para explicar o que pasou o día dos incendios, ese nefasto día do 15 de outubro que quedará para sempre na memoria de todos, tiñan dúas opcións, ou viñan aquí e contaban a verdade do que pasou, exactamente e punto por punto ou a opción de vir a contar un relato, unha película en definitiva, e iso é exactamente e desgraciadamente para os vigueses unha vez máis vostedes elixiron contar aquí unha película, porque o que nos contou o Sr. Font, hoxe aquí neste Pleno, é unha película do que pasou, é un relato feito a medida, a posteriori, despois dos incendios, con razón tardaron vostedes un mes, máis dun mes en comparecer, con

razón si tiñan que montarse vostedes a película do que pasou, se cando viñeron e cando analizaron este Plan de Emerxencias foi despois dos incendios para facer precisamente este relato, porque contaron aquí e relataron o que xa sabemos cando lemos o Plan de Emerxencia, o único problema que ten ese relato é que non é o que pasou e Vigo ese día, é que non é a verdade do que pasou e ese relato seu e esa película súa que por certo hai que recoñecerlle hoxe que é vostede moito mellor actor que concelleiro de Seguridade porque tivo vostede ata momentos dramáticos na súa intervención, desgraciadamente fallou como concelleiro de Seguridade, porque o que pasou en Vigo e a verdade sábena miles e miles de vigueses que a viviron en primeira persoa o que foi esa noite e o que foi a súa actuación nesa noite, e miles de vigueses saben que o que houbo foi descoordinación, desinformación e improvisación. Iso foi o que exactamente pasou esa noite, insisto, agora entendemos porque tardaron tanto tempo en dar explicacións porque unha realidade é que non estabamos preparados para o risco, para un drama e para unha catástrofe como ao dos incendios e nin estaban preparados os medios, nin estaba preparado o operativo que había que seguir nese momento, non estábamos preparados, dicía vostede que se activou á 1 horas o Plan de Emerxencia Municipal, non é verdade Sr. Font, non se activou ningún Plan de Emerxencia Municipal, non é certo, primeiro sería tarde porque xa sabíamos na tarde noite do sábado que os incendios estaban pegados a Vigo porque estaba xa o incendio de Redondela pegado a Vigo, e din vostedes que ata a 1 recoñecen que non se actuou, e non se activou o Plan de Emerxencia porque o primeiro que teñen que facer vostedes co Plan de Emerxencias e comunicalo ao 112, a central de emerxencias porque é o que di o propio Plan de Emerxencias, e non comunicaron a activación do Plan de Emerxencia, ese nivel cero ao 112, nin tampouco llo comunicaron ás autoridades sanitarias, o SERGAS e a Xerencia do SERGAS de Vigo non tivo ningunha comunicación súa nese día da activación do Plan de Emerxencias, iso non é verdade, e é sinceramente lamentable que veñan vostedes aquí a contarnos unha mentira, que o viron tódolos vigueses e o viviron en primeira persoa.

O Posto de Mando Avanzado, pero como poden dicir vostedes que tiñan un Posto de Mando Avanzado se vimos tódolos vigueses como o Posto de Mando Avanzado era o Sr. Alcalde nun coche indo de aquí para alí, iso non é un Posto de Mando

Avanzado, agora nos poden contar e relatar e leu moi ben quen están dentro do Posto de Mando Avanzado segundo o Plan de Emerxencias pero a realidade é que o único posto de mando foi o Sr. Alcalde nun coche de aquí para alá e cun fotógrafo ese foi o seu servizo de información porque é outra das falsidades que contou vostede aquí, non houbo un servizo de información oficial deste Concello e vostedes foron os que alimentaron os bulos, e os que alimentaron o medo na poboación si señores, nin unha información oficial do Concello de Vigo esa noite, tiñan vostedes miles de canais e non os utilizaron, onde están os comunicados oficiais do Concello de Vigo? Onde están os comunicados en xornais? Onde están os comunicados a través de redes sociais? Ningún comunicado oficial nada máis que as declaracións na televisión do Sr. Alcalde facendo xira, que por certo ao mesmo tempo que vostede facía declaracións a tódolos medios de comunicación que querían, para ter suficiente dimensión, ao mesmo tempo estaba dando ordes no Posto de Mando Avanzado pero que é o que nos está querendo explicar? Pero que é o que nos está querendo vender? Vender unha gran mentira e unha gran película que nos veu vostede aquí a explicar. Houbo descoordinación, os Bombeiros, a Policía Local, non había un único mando dándolles instrucións, non había, os policías locais e os bombeiros que non estaban de servizo se presentaban de motu propio, non porque vostedes os chamaran, se presentaron eles mesmos para ofrecerse para axudar, e moitos deles foron enviados as súas casas, non se activou o 100% do cadro de persoal, nin estaba en alerta xa o sábado o 100% do cadro de persoal para facer fronte ao que se nos viña enriba, non avisaron vostedes a Protección Civil, esquecéronse, a Protección Civil saíu de motu propio como tanto e tantos vigueses que tomaron decisións, dando mostras dunha extraordinaria responsabilidade e tomaron decisións propias ante a ausencia absoluta dun mando que unificara e que coordinara tódalas actuacións, houbo grandes heroes esa noite, pero dende logo non son vostedes, vostedes se utilizaron dos grandes heroes que son os vigueses, e do gran pobo que é Vigo, e grazas a eles si que se apagou o fogo en 16 horas, non grazias a vostedes, non grazias a utilizar tódolos mecanismos coordinados que teñen vostedes a súa disposición e vostedes utilizaron ao pobo de Vigo e fixeron que moitos de eles incorreran nun risco que non tiñan que ter incorrido porque vostedes foron incapaces de articular un operativo en condicións. Houbo cortes de auga, Sr. Font

nesa noite, a min non me serve ese certificado de Aqualia, é papel mollado eu mesma falei cun operario de Aqualia en San Paio cando me dixeron os veciños que non tiñan auga da traída e que tiñan que estar tirando de pozos e das piscinas, cantas piscinas se baleiraron? Cantas? Esa noite, e o operario de Aqualia díxome que o cortara porque senón ían acabar con toda a auga, pois se o incendio estaba pegado as súas casas que mellor momento para utilizar a auga da que dispoñían, íanse queimar as súas casas, houbo cortes de auga esa noite e vostedes non deron explicacións, igual que houbo camións cheos de auga parados porque ninguén lles dicía onde tiñan que ir para axudar aos bombeiros e houbo e pregúntello aos veciños de Valadares, isto non o estamos a dicir os do Partido Popular, se confunde, estano a dicir os vigueses que nos estiveron contando un relato realmente preocupante desa noite, os veciños de Valadares que se atoparon con ese camión parado cheo de auga, pregúntelle aos veciños de Valadares, pregúntelle e verán como ese camión deu auga para encher algúns cubos cando estaba parado sen nin unha soa instrución de onde ir.

En definitiva, poden vostedes montar agora a posteriori relatos a medida que queiran, poden coller un plan que nin está actualizado nin puxeron en marcha e contarnos que o puxeron en marcha, claro evidentemente só o sabían vostedes porque o que é a comunicación cara fora cero, porque había demasiados testemuñas de que non o puxeron, ata as 11 da noite non saíu o único comunicado que foi o Sr. Alcalde nos medios de comunicación, enriba dicindo que estaba todo controlado cando víamos aos veciños facer cadeas humanas con cubos de auga para apagar os fogos, as 11 da noite foi o seu primeiro comunicado oficial, no resto absoluta e completa desinformación e caos, esa é a realidade do que vivimos nesa tarde noite e vostedes agora poden montar o relato que queiran, pero a realidade desmonta esa película. Os vigueses non lles cren, os corpos e forzas de seguridade do Estado e deste Concello estarán que non dan crédito ao que están escoitando do seu goberno cando saben que nin tiveron coordinación, nin mando, nin orden, nin nada esa noite, insisto grandes heroes a Policía Local, os Bombeiros de Vigo, Protección Civil e tódolos vigueses que saíron a apagar o fogo, grande heroes que os deixan a vostedes por debaixo do betún, grandes heroes nesta cidade, esta cidade demostrou unha vez máis que lle queda moi grande a este goberno, que non están vostedes á altura e que hai algo moito peor un goberno incapaz de

xestionar como o seu, é un goberno que mente aos vigueses en algo tan serio como o que vivimos, iso é moito peor e vostede hoxe viñeron aquí a mentirnos á cara, e a contarnos un relato falso á cara e perderon unha oportunidade extraordinaria de ser humildes, de dar contas e de reunirnos todos para mellorar e para que isto non volva a pasar pero vostede se negarán a facer autocrítica, se negarán a poñer os medios e estaremos a expensas doutra catástrofe como esta, desgraciadamente os vigueses, porque teñen un goberno incapaz de facer autocrítica, de analizar os fallos e de poñer as medidas para arranxalo, esa dende logo é a gran desgracia que teñen os vigueses, ter contado co peor goberno posible na peor catástrofe que vivimos nesta cidade.

SR. LÓPEZ FONT: Vou a contestar pormenorizadamente a cada un dos voceiros que interviñeron pero o primeiro que quero dicir é quixen rematar a miña intervención cun recoñecemento dos 16 que nos sentamos aquí e formamos parte do goberno do Alcalde porque había que estar alí para ver o que se fixo ese día e en días como ese, despois de 10 anos e medio, un dáse conta para que serve a política, un dáse conta de que o acumulado de ter gobernado ben durante 10 anos e medio ten un efecto moi positivo para a cidadanía e polo tanto, estou encantado de rematar así, volverían facer porque ademais cunha particularidade, sóelle caracterizar aos dous grupos tanto ao de Marea de Vigo como ao do Partido Popular estar bastante afastados da realidade, e eu o outro día que son frases que non me gustan, lles dicía a vostedes dous que non tiñan nin idea do que pasara, podían entender que sen o relato pormenorizado que fixemos hoxe puideran ter dúbidas pero claro, despois dos 20 minutos que tivemos que oír, dez e dez, reafírmome en que vostedes non teñen nin idea, que non saben o que pasou, en que vostedes ademais desacreditan gratuitamente a empregados públicos, a persoas de empresas privadas e é un cúmulo de cuestións tremenda. Claro, se empeza vostedes Sr. Pérez a intervención dicindo que hai que recoñecer aos cidadáns e que eu non o fixen, pois ao mellor non me expreso moi ben, non puxen excesivo énfases pero creo que se podía dicir de min que en todo caso repetín ata a saciedade o que fixeron os cidadáns e como mo permite, vólvo facer, e son os grandes protagonistas de como se resolveu isto , agora isto é un triángulo que funcionou á perfección, director do PEMU, servizos operativos e cidadáns, polo

tanto, eu non me esquecín dos cidadáns.

Documento? O documento aplicouse na súa integridade, é que ninguén pode dicir gratuitamente que construímos un relato posteriormente, que o documento estaba aí na teoría, é que eu comprendo que a Sra. Muñoz non lembra canto tempo estivo de conselleira, xa sei que ten moita práctica en repetir mil veces a mesma cousa co problema de que como é unha mentira ela acábala crendo, pero miren poden repetir o que queiran, poden dicilo 20.000 veces, pero dicir que non se aplicou o PEMU e que houbo descoordinación, é unha absoluta falsidade porque se eu estivera do outro lado e tivera que contestar ao responsable, diría onde houbo descoordinación, e estivo todo perfecto, non houbo ningunha descoordinación, e non é un tema de humildade e non é un tema de soberbia, é un tema simplemente de relato dos feitos que pasaron, e o que non se pode é negar a maior dos que vivimos ese día e como o vivimos, e o que non se pode dicir é con unha situación que todos vostedes inician as intervencións dicindo a gravidade de nunca estivo Vigo tan mal para a continuación facer unhas afirmacións certamente demagóxicas. Eu non fixen un relato do Plan, o Plan téñeno vostedes e saben o que é un documento, vanme permitir e moléstame moito en relación coa importancia que ten isto para a cidade que se diga que isto é un relato a posteriori, este é un relato que pode certificar cada unha das persoas, o concelleiro de Fomento, de Xestión Municipal, a concelleira de Urbanismo nun hotel, todos Sra. Muñoz, e ese relato que fixen vivino eu, eu non fixen ningún documento a posteriori, lerei ben ou lerei mal, pero isto é certamente o que pasou.

Mire, Sr. Pérez, falando de cinto de seguridade e de limpar fincas, sabe vostede que nós facemos as actuacións que podemos, agora tamén sabe vostede indubidablemente de que para entrar a limpar unha finca temos que ter unha orde xudicial, polo tanto, logo contestarei á Sra. Muñoz pero aquí despexar determinados temas cando as competencias son de outros, eu tamén podería estar outra media hora falando de que se fixo dende o goberno do Sr. Touriño a que se fixo do goberno do Sr. Feijóo. E isto non foi a toro pasado, Sr. Pérez, isto foi literalmente o que pasou e eu coa descualificación que vostede ten permanentemente sobre o tema das concesionarias pois certamente non o comparto e dende logo evidentemente lle correspondía ao director do PEMU tomar as decisións, pero creo que foron as máis acertadas en contar coas concesionarias

porque son medios que son do Concello, claro que si, e que nunha situación de extrema gravidade como esta había que recorrer a elas e lle direi máis, porque aquí eu falo das 15 horas nas que isto se resolveu, pero se me someten e me obrigan a dicir que houbera pasado de non tomar determinadas accións posiblemente tivésemos fogo durante dous ou tres días máis senón se houberan tomado determinadas accións.

Polo tanto, fixémoslo, dirixiuno o director do PEMU e moi ben, a partires de aí, eu sinceramente se en relación co que pasou nos imos a quedar coas anécdotas e dígoos no bo sentido da palabra, de oferta de emprego e demais, nós diriximos a mirada ao goberno central que é a que ten bloqueada as ofertas de emprego de aquí e punto.

Eu quixen facer un documento para lelo co relato do que pasou, se non fomos capaces, eu en primeira persoa, os meus 16 compañeiros quedan ao marxe, se non fomos capaces de trasladar o que é un Centro de Mando Avanzado Operativo que toma decisións e o importante que foi ese día, a verdade é que saio por esta porta certamente frustrado, pero é que non saben o que é Posto de Mando Avanzado, é que non era a hora de estar nos despachos, é que era imposible estar nos despachos, o meu despacho, o do concelleiro de Seguridade é a sala de crise deste Concello evidentemente que dirixe o Alcalde, non era hora de estar aí e dígolle o que anteriormente, se non houbera sido por estar recorrendo incendio tras incendio e tomando decisións, se houberan queimado casas, máis, houbera habido seguro desgrazas persoais, dende logo estamos nun problema de concepto porque calquera que lle escoite a vostede parece que ás dúas da tarde teríamos que ter vido tranquilamente cos nosos lpad e cos nosos móbiles, ternos metidos nunha sala e comezar a chamar por teléfono, non isto non é así.

Polo tanto, eu comprendo que vostedes están na anécdota, que facer chistes sobre catro coches é fácil, pero fraco favor fanlle á cidade a quen lles oia dicir estas cuestións, primeiro, a conselleira tamén andaba por Baiona, teoricamente o despacho teno en Santiago de Compostela, é un exemplo do que facemos cada un, é que non se nos debe xulgar por como íamos, menos bromas de si catro coches, mire, voulle dicir a miña valoración persoal, menos mal que se acordou o que eses catro coches nos que estaban distribuídos aqueles que tiñan que tomar decisións de coordinación baixo a supervisión do director do PEMU, menos mal visto o que

vimos ese día, que adoptamos esa decisión porque fomos saltando de fogo en fogo, porque saímos de Fragoselo os últimos porque estaban dous policía locais que non se localizaban nese momento e dende logo, todo o operativo de instalacións, de seguridade e de comunicacións funcionou perfectamente.

Polo tanto, eu sorpréndome de que se aquí chegas a un Pleno e traes unha certificación de Aqualia, afirma o que afirma e a imos a negar, espero que cando vostede se xubile non lle neguen o certificado de empresa e lle deneguen a xubilación, porque os certificados son para algo, e isto é a realidade, a min anécdotas pódenme contar de que non sei quen lles dixó, mire eu teño unha anécdota tamén, eu nun momento no que o Alcalde non podía entrar entrei nunha emisora de radio desta cidade, dicíame o periodista que había centos de persoas no campo do Coruxo e di “voulle pasar con unha señora que está no campo de Coruxo”, e lle digo “encantado” porque non é así,ponse a señora do campo do Coruxo e o presentador do programa dille “buenos días doña Cristina está vostede en Coruxo, verdade? Están centos de persoas?” “non, eu estou na miña casa”, esa foi a contestación polo tanto, as anécdotas están moi ben e as podemos querer interpretar todos, pero o que aquí se fixo é o relato que eu fixen.

Mire Sra. Muñoz, non sei se son bo actor, bo voceiro, bo concelleiro, non teño nin idea, agora si lle podo dicir e ademais con certo pesar, é vostede unha voceira pésima, é un responsable político absolutamente pésimo, estou facendo unha valoración política, e sabe por que estou a facer unha valoración política? Porque vostede contribúe aos bulos, a degradar aos funcionarios desta casa que tiveron un comportamento absolutamente exemplar, e porque vostede que fala dunha gravidade extrema en 16 horas, di tódalas cousas que acaba de dicir e que lle vou a contestar. Eu non fixen ningún relato posterior, non estivemos esperando tempo a contar isto aquí porque o tiveramos que redactar, non fixemos un Plan a posteriori, o que trouxen eu aquí, se vostede estivese atenta, tivera o rigor que ten que ter unha responsable política, que se viste como voceira do Partido Popular é ir a cada un dos que eu mencionei, en canto a servizos e en canto a responsables, e preguntarlles se o que o Sr. Font dixó era mentira; non se atopará vostede cunha testemuña de empregados desta casa que falen de descoordinación porque a coordinación foi absoluta e a coordinación foi perfecta.

Di vostede que son mellor actor que concelleiro, que falei, pois mire, síntome

orgullosa do que fixen e por iso quixen rematar a miña intervención dirixíndome a quen correspondía, e se teño que medir á data de hoxe o tempo que levo de concelleiro o que fixen e do que me sinto máis orgullosa, foi o 15 de outubro e o 16 de outubro, e iso o problema é que o saben os vigueses, sabe quen non sabe a verdade de todo isto? Sete concelleiros do Partido Popular máis algúns de vostedes.

A súa intervención limitouse ao de sempre, descualifica, este goberno é malo, a este goberno a cidade venlle grande, eu creo que hai que dicir outras cousas, cando se fala de descoordinación, hai que dicir que se descoordinou, eu creo que cando se fala de que nos ven grandes as cousas hai que avaliar como saíu isto en 15 horas e o peor de todo Sra. Muñoz, de verdade, a vostede estalle a atacar un virus de incapacidade partidista para recoñecer o bo desta cidade, leva vostede dous anos e medio case sentada aí e vostede ten que pensar un día que o bo que fixo este goberno é de toda a cidade, fala de inimigos, de actuacións iso é o que ten que ver Sra. Muñoz que ese día a dirección de todo o operativo e o conxunto de colaboración dos cidadáns salvou a esta cidade da que houbera sido a maior catástrofe. Mire, activouse o Plan, seguise absolutamente todo e eu a verdade é que lle invito, dicíao anteriormente, doulle agora unha copia da comunicación da Xunta de Galicia das 20,30 horas e desas 60 preguntas que o outro tiña para nós, que respondemos eu creo que a 600 preguntas, claro as preguntas non poden ter truco, se se fan preguntas hai que facerllas a quen corresponde, se se fan preguntas sobre política forestal fale co Sr. Feijóo, se se fan políticas sobre ordenación do territorio fale co Sr. Feijóo, pero claro vostede podería ter chegado a 90 nese senso e logo o tema do coche, aquí o único que foi con fotógrafo e con zapatos de tafilete, foi o Sr. Feijóo o día da manguera, porque Sra. Muñoz sabe cal é o problema? Que a vostede a descualifican as súas afirmacións, onde estaba o fotógrafo ese que dicía que levaba o Alcalde? Onde está o fotógrafo? Iso é unha mentira, voullo dicir moi claro, iso é unha mentira de alguén que non ten argumentos, que non sabe que dicir durante 10 minutos, como o outro día deulle medo a vostede debater esta comparecencia que por certo, o outro día, o Pleno extraordinario que pediu vostede nin máis nin menos lle íamos dicir o que lles dixemos hoxe, cando alguén fala dun fotógrafo, vostedes queda como mentireira neste Pleno, vostede non pode demostrar que había un fotógrafo, é absolutamente

falso pero eu si podo demostrar e foi unha mágoa non traer a foto de que o señor aquel cunha mangueira e perfectamente uniformado nun plan que parecía que saía dunha reunión, si levaba fotógrafo, ese si que levaba fotógrafo.

Polo tanto, cando se fala de descoordinación absolutamente ningunha proba e creo que din todo o relato do que se fixo. Xa o dixo o outro día, cando vostede se permite dicir aquí que non se avisou a Protección Civil e eu vin cos meus ollos os axentes, o efectivos de Protección Civil que había pois certamente sorpréndome, cando se da a anécdota de que houbo cortes de auga, Sra. Muñoz, comunicados houbo dende o primeiro momento, eu relatei aquí que hai un gabinete de comunicación que estivo emitindo continuamente información aos medios de comunicación, cando a cousa ponse tremenda en canto aos bulos, cando eu persoalmente teño unha chamada do director xeral de emerxencias da Xunta de Galicia que me pregunta “Carlos, é verdade que vais a cortar el agua y la luz a las 12 de las noche”, o máximo responsable da Xunta de Galicia, e téñollo que desmentir evidentemente entramos nunha situación que non estaba prevista en ningún operativo, porque xa me gustaría que vostede á hora de actualizar o PEMU, contemplásemos que nós si o imos facer, contemplásemos a incidencia que ten este tema de comunicación. Polo tanto, vostede negando estas cuestións de que non había efectivos de Protección Civil, pois certamente é a negación.

Conclúo, entre as miñas virtudes teño a humildade que non a ten vostede, defectos teño moitos pero entre as miñas virtudes teño a humildade e non é cuestión de ser humilde ou de non selo, é cuestión de que aquí o día 15 de outubro ás dúas da tarde comezou un episodio tremendo, ás cinco da mañá ese episodio estaba solucionado e vostede como voceira do Partido Popular que tamén representa a un número de votos desta cidade, é vostede a que ten que vir aquí, a que ten que dicir que ese relato e esa magnífica actuación de resolver en 15 horas o peor momento desta cidade, que vostede se adhira, e que se houbo algún fallo, asúmoo, e que se hai algo que achegar, fágoo, pero non, vostede está aquí, e en xaneiro do 2015 lle dixeron literalmente vai de candidata ao Concello de Vigo primeiro, a ver o que podes facer, segundo, a seguir defendendo á Xunta de Galicia, iso doe moito verdade? Sabe cal é o problema que non o digo eu, que dino ata os seus.

Conclusión, cumprimos neste Pleno co que nos corresponde como goberno e que

teríamos feito a semana pasada, cun relato permanente houbera sido igual nun home que nunha muller, diríao igual, cun relato do que pasou, que ninguén pode rebater e cun éxito absoluto en 15 horas e ademais cun factor que se me esqueceu dicir anteriormente e que honra aínda máis a cidade de Vigo e a quen dirixía o PEMU, dende a humildade, e é que colaboramos cos concellos que deberían formar parte dunha área metropolitana que vostedes se cargaron.

Polo tanto, é o momento de dicirlle á cidadanía o que fixemos, e é o momento de que vostede persoalmente, nin home nin muller, tivera como responsable político a suficiente responsabilidade para dicirlle á cara aos cidadáns de Vigo o ben que entre todos, sobre todo cos cidadáns, resolvermos o peor momento e iso dicíallo ao Alcalde o outro día, e eu lamentablemente despois da súa intervención téño que confirmar hoxe, creo que a súa satisfacción de se isto houbera saído mal sería infinita.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e vinte minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.